

ACORDO SOBRE A MODIFICACIÓN PARCIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E PROMOCIÓN PROFESIONAL DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Como resultado dos traballos das diferentes Mesas de negociación celebradas durante este ano 2015 para a modificación parcial da RPT, considerando ademais que está a finalizar o proceso de Funcionarización posto en marcha a partir do Acordo do 13 de xullo de 2012, e tendo en conta outros aspectos puntuais formulados na Mesa negociadora en materia de condicións de traballo do PAS, subscríbense os seguintes,

ACORDOS:

1.- MODIFICACIÓN PARCIAL DA RPT

- Todos os postos de traballo das escalas especiais se adscriben a dous subgrupos, conforme se reflicte na RPT acordada na Mesa de negociación. Os únicos postos destas escalas que quedarían só adscritos ao subgrupo A1 son:

- Letrada/o.
- Arquitecta/o.

O posto 444 (técnico especialista-mestre taller ETSAC) mantense adscrito a C1 ao estar readscrito en execución de sentenza.

- Os postos de traballo das áreas do Servizo de Informática e Comunicacions (SIC) estrutúranse conforme se recolle na RPT acordada na Mesa de negociación.

- A acreditación de competencias lingüísticas na Oficina de Relacións Internacionais (ORI) queda establecida segundo a proposta acordada na Mesa.

- Adáptase a denominación de unidades do Servizo de Investigación conforme á proposta acordada na Mesa.

- Créanse os seguintes postos, por reconversión doutros tantos vacantes:

- Xefatura de negociado de análise de custos na Vicexerencia.
- Posto base na ORI.
- Técnico de proxectos europeos na OTRI.

- No primeiro semestre de 2016 realizarase unha modificación parcial da RPT que contemple a asignación dos postos de traballo que proceda ao Grupo B previsto no artigo 76 do Estatuto Básico do Emprego Público e no artigo 42 e Disposición adicional quinta da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

2.- CALENDARIO PARA A EXECUCIÓN DE CONVOCATORIAS DE PROMOCIÓN INTERNA.

Co obxecto de continuar coa execución do proceso de Funcionarización acordado o 13 de xullo de 2012, de avanzar nos procesos de promoción interna tanto das escalas xerais canto especiais nun marco temporal razoable en termos orzamentarios e de capacidade de xestión, e considerando que no último trimestre de 2016 deberase convocar o correspondente concurso de vacantes, propónse o seguinte calendario de traballo, que deberá reflectirse nas correspondentes ofertas de emprego público:





ANO 2016:

Oferta e convocatoria durante o primeiro cuadrimestre de 2016 dos procesos correspondentes:

- aos extintos grupos laborais 4A e 4B funcionarizados nas correspondentes subescalas especiais,
- as 37 prazas da escala xeral C2 a C1,
- a 25 prazas da escala xeral C1 a A2,
- a 36 prazas de auxiliar técnico de biblioteca C1 a A2,
- a 30 prazas de bibliotecaria/o A2 a A1.

ANO 2017:

No primeiro trimestre realizarase a oferta e convocatoria da promoción interna das prazas do SIC e do persoal funcionarizado en 2015.

ANO 2018:

No primeiro trimestre realizaranse a oferta e convocatorias seguintes:

- a promoción interna das restantes prazas das subescalas especiais, agás as de laboratorio,
- 25 prazas da escala xeral C1 a A2,
- 7 prazas da escala xeral A2 a A1.

ANO 2019

No primeiro trimestre realizarase a oferta e convocatoria da promoción interna das prazas das subescalas de Laboratorio.

E para que así conste, asínase este Acordo por exemplar duplicado, na sede da Reitoría da UDC, na Coruña o 20 de novembro de 2015.

Por APA,

Mª Montserrat Fernández Casal

Por CIG,

Juan Leis Fraga

Por CCOO,

Jesús Penedo Pallás

Por CSIF,

Raquel Rubio Barbeito

Por UGT,

Mª Teresa Rey Souto

Pola Xunta de Persoal,

Xosé Manuel Portela Fernández

O reitor,

Xosé Luis Armesto Barbeito